



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 18 de marzo de 2021, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, dos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

VISMODEGIB e SONIDEGIB

1. No tratamento de pacientes adultos con carcinoma de células basais localmente avanzado que no sexan susceptibles á cirurxía curativa nin a radioterapia.

Coa evidencia científica dispoñible na actualidade non se atopan diferenzas clinicamente relevantes en eficacia entre VISMODEGIB e SONIDEGIB, por iso nesta situación clínica, a elección entre eles basearase fundamentalmente en criterios de eficiencia.

2. No tratamento de pacientes adultos con carcinoma de células basais metastásico sintomático, VISMODEGIB é o medicamento que ten a indicación autorizada.

Outras consideracións:

- Debe avaliarse periodicamente o beneficio de continuar o tratamento, dado que a duración óptima varía para cada paciente.
- É preciso un seguimento estreito para avaliar a resistencia, recidivas ao tratamento e efectos adversos.
- Descoñécese a eficacia de administrar un deles tras fracaso do outro. Ambos medicamentos actúan inhibindo o mesmo receptor da proteína SMO, polo que a resistencia a un pode conferir resistencia ao outro.

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica
Jorge Aboal Viñas

Santiago de Compostela,

Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

